



## Concello de Ribeira de Piquín

### DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 10 de maio de 2023.

**Asunto:** Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación de un (1) traballador desempregado, persoal laboral temporal, como peón especialista forestal para a obra/servizo: silvicultura, biomasa e limpeza de montes, a través do programa Aprod Rural 2023, mediante concurso-oposición, a xornada completa (100%) cunha duración de nove (9) meses, nomeamento de tribunal e convocatoria de probas selectivas.

**DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).**

De conformidade co expediente de provisión de un (1) traballador desempregado, persoal laboral temporal, para a obra/servizo: silvicultura, biomasa e limpeza de montes, a través do programa Aprod Rural 2023, a xornada completa (100%), cunha duración de nove (9) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Decreto da Alcaldía, de data 19 de abril de 2023.

Analizadas as solicitudes presentadas polos candidatos remitidos pola Oficina de Emprego de Lugo Sur-Campos Novos a través da oferta número 12-2023-4135, considerando que todas elas cumpren os requisitos de ter presentada a documentación xeral esixida nas Bases, polo que non procede requirir a subsanación de ningún defecto, e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar, con carácter definitivo, a lista de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

#### LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
Pérez Fernández, Adelino	***5568**	Non
Fernández Díaz, Javier	***7824**	Non
López Fernández, Jesús	***5010**	Non
Pérez Luna, Modesto	***4501**	Non
García Villar, Isabel	***7803**	Non
Gómez González, Carmen	***6082**	Non





## Concello de Ribeira de Piquín

---

### LISTA DEFINITIVA DE EXCLUÍDOS:

Ninguén.

**SEGUNDO.-** Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: Dna. Pilar Tella Mazoy, Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín.

Vogais:

Dna. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Sandra Teijeira López, Administradora do Obradoiro de Emprego O Castro VIII (Lugo).

Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretario: O Secretario-interventor acumulado do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo), D. Juan Hernando Rosa Ruíz, ou persoa en quen delegue.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o luns 15 de maio de 2023, ás 09:00 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

**TERCEIRO.-** Convocar aos aspirantes que non acreditaron o coñecemento do idioma galego para realizar a proba escrita correspondente, ás 09:30 horas do día 15 de maio de 2023.

**CUARTO.-** Convocar aos aspirantes do citado proceso selectivo para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 10:00 horas do día 15 de maio de 2023. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederase seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

**QUINTO.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 10 de maio de 2023.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

